



## 11 Extensión universitaria

A Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, que en 2007 aínda era de Extensión Universitaria e Comunicación, ten especial relevancia para o contacto e intercambio entre a Universidade e a sociedade. Para alén de englobar a área de comunicación, básica neste sentido, asume as competencias de cultura, deportes, cooperación, publicacións, cursos e conferencias ou, aínda en 2007, de normalización lingüística. En calquera destas áreas, a sociedade recibe a imaxe máis recoñecible e accesible da Universidade da Coruña.

O recoñecemento inmediato da UDC mediante a imaxe que proxectamos é unha das nosas preocupacións esenciais. A través da publicidade e dos encartes en xornais, da cartelaría e mensaxaría, mediante a presenza en medios radiofónicos, procúrase transmitir a imaxe máis viva e actual do que somos. O esforzo realizado neste sentido foi especialmente salientable en 2007. Merece lembrarse o encarte publicado nos xornais galegos, en coincidencia coa publicación dos resultados da selectividade, baixo o lema "Modernidade, innovación, calidade".

A nosa presenza na programación das emisoras radiofónicas de maior audiencia serviu para que todos os centros da Universidade e boa parte dos seus servizos tivesen a oportunidade de explicarlle a un auditorio amplo e popular o seu traballo e inquéndas.

Pola súa banda, o Servizo de Publicacións é outro eixo fundamental de comunicación e de transmisión de canto somos e facemos no terreo da investigación

e da cultura. Hoxe está recoñecido o seu rigor na admisión de orixinais, suficientemente contrastados por especialistas externos, o que deu lugar a un total de cincuenta publicacións durante 2007. Tamén no terreo da cultura o servizo acadou recoñecemento pola calidade de publicacións de carácter institucional, como os debuxos inéditos *Esbozos de Isaac Díaz Pardo*, publicados en coincidencia co seu doutoramento honoris causa, os facsímiles de *Rosaliana* ou ese documento histórico que é o catálogo de adhesivos da transición, *En transición*.

Tamén aquí habería que salientar o esforzo de deseño das coleccións, que permite algo moito máis difícil do que parece no saturado mercado editorial: recoñecer a un golpe de vista quen editou un libro.

A danza contemporánea foi a última incorporación ás actividades que se desenvolven desde a Área de Cultura. A demanda, como sucede nos cursos de formación dramática, excede con moito a oferta, mais é un bo índice da curiosidade e da vitalidade cultural da nosa comunidade universitaria.

Podemos enorgullecernos, no campo da música clásica, dunha iniciativa ambiciosa: a presentación da partitura de *Inés e Bianca*, ópera do galego Marcial del Adalid, antigo posuidor do Pazo de Lóngora, e do primeiro concerto-presentación desta ópera, unha auténtica primicia. Outra liña de actuación nova foi a realización do I Ciclo de Novos Intérpretes, que se suma á veteranía do III Ciclo de Concertos Didácticos, entre tantas outras actividades e concertos dos

nosos propios elencos, como o Coro universitario e a Orquestra de cámara, cada día máis consolidados.

CampusRock 2007 introduciu unha novidade eficaz: a constitución dunha comisión de estudantes, mediante convocatoria aberta, para a súa produción e xestión. Outra novidade foi tamén o exitoso *I Concerto de cantautores da Universidade da Coruña*.

*En Transición* foi unha exposición sobre o papel dos autocolantes durante a transición que mereceu unha ampla información, mesmo en medios de Madrid, para alén de dar lugar a un interesante catálogo. Tamén tivemos a oportunidade de presentar a extraordinaria actividade de El Roto, coa exposición *Eclipse*.

Merece lugar á parte, entre as actividades institucionais e as puramente culturais, a semana de homenaxe a Isaac Díaz Pardo con motivo da investidura como doutor Honoris Causa pola UDC. Así mesmo, o Día das Letras Galegas, dedicado a María Mariño Carou, avanzou na celebración desta data dun xeito máis gozoso e menos académico con actuacións musicais e artísticas.

A grande novidade de 2007 en materia de cursos foi a posta en marcha da oferta institucional propia de cursos de verán, que se suman á colaboración coa UIMP. Foron seis cursos de diversa temática, que supoñen un primeiro paso na dirección habitual no conxunto das universidades españolas.

Canto á oferta de cursos, seminarios e xornadas en época lectiva, a principal novidade foi a delimitación das axudas, segundo o carácter de cada actividade, entre a Vicerreitoría de Extensión e a de Investiga-

ción. Pretendíase, deste modo, un duplo obxectivo: reforzar o rigor científico dos congresos e encontros científicos e contribuír, de modo independente, á divulgación científica entre un público amplo que non ten cabida nos anteriores.

En materia deportiva, o campo da competición, que se cifra nas ligas internas e nas externas, sufriu atrancos ao comezo do presente curso por problemas de persoal, mais afortunadamente foron solucionados a tempo. O número de participantes propios na fase final do Campionato de España, que pode ser índice do esforzo dos nosos deportistas nas diferentes ligas previas, foi en 2007 de 140 persoas, o que significa un substancial incremento de case o 40% a respecto do ano anterior.

Unha preocupación da Área de Deportes era a axuda a clubs universitarios e ás competicións intercentros que, por razóns fundamentalmente económicas, non se bastaban coa partida descentralizada. A convocatoria de axudas a clubs e asociacións universitarias para a organización e participación en competicións deportivas foi un primeiro paso nesa dirección.

Noutra orde de cousas, a Oficina de Igualdade de Xénero, creada a fins de 2006, foi consolidándose durante este ano 2007. Entre as moitas actividades, cursos e colaboracións con outras entidades semellantes, acaso deba salientarse a concesión do premio Mulleres Ciencia Arte á matemática e profesora universitaria María Wonenburger.

De salto adiante podemos cualificar a principal novidade da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) en 2007, que foi a cooperación sobre o terreo,

con actuacións como os Proxectos de Coñecemento da Realidade (PCR), iniciativa que permite ao alumnado da Universidade da Coruña a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de un a tres meses e que o traballo alí desenvolvido sexa convalidado con proxectos fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira.

Para pechar este repaso ás accións competencia da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación en 2007, cómpre salientar que a normalización lingüística conta xa con ferramentas indispensables para o seu labor, como foi a aprobación primeiro do Regulamento de usos da lingua galega e, a fins de 2006, do Plano de normalización lingüística. Durante 2007, e co mesmo espírito de sumar vontades, capacidades e perfís profesionais ou científicos, constituíuse a Comisión de Seguimento do Plano.

## Servizo de Publicacións

Ao longo de 2007 o Servizo de Publicacións da UDC, en coordinación coa Comisión de Publicacións, xestionou a edición, promoción e distribución comercial dun total de cincuenta libros e revistas. O persoal do servizo implicouse a fondo no obxectivo de ofrecer produtos de calidade a través dunha coidadosa xestión dos procesos de avaliación científica e supervisión lingüística dos orixinais, do deseño gráfico e das fórmulas de promoción e comercialización. O fondo editorial medrou tanto nas súas series máis xenéricas (Monografías, Manuais, Actas de Congresos) como naquelas outras vinculadas a unha área de coñecemento en particular (Nova Terra, Anexos de Revista de Lexicografía, Monografías de Revista Galega de

filoloxía, etc). Particularmente salientable a este respecto é a integración na marca editorial do Servizo da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, que achega un rico catálogo de cincuenta títulos sobre teatro e teoría teatral.

En 2007 o persoal do Servizo de Publicacións elaborou o seu Plano estratéxico para o período 2008-2010, que a Comisión de Publicacións debateu e aprobou na sesión do 14-11-07. Neste documento recóllese unha análise da situación actual do servizo e unha planificación das accións que cómpre acometer para acadar uns obxectivos estratéxicos que se poden resumir nos seguintes puntos:

- Planificación da actividade editorial
- Incremento da calidade dos produtos editoriais
- Incremento das publicacións en lingua galega
- Incremento das publicacións en formato dixital
- Maior difusión internacional das publicacións a través do uso das TIC e da ampliación dos contratos de distribución comercial

Ademais do labor de edición, o servizo xestionou a distribución directa ou o intercambio das súas novidades editoriais entre os servizos de publicacións das universidades do estado español, así como entre outras institucións.

Canto ás tarefas de promoción editorial, o servizo participou con caseta propia na feira do libro da Coruña e, en coordinación coa Unión de Editoriais Universitarias Españolas (UNE), en diversas feiras do libro españolas e internacionais como Granada, Sevilla, Valencia, Madrid, Saló del Llibre de Barcelona, Líber, Bogotá, Guadalajara, etc. Tamén publicou un

catálogo impreso actualizado do seu fondo editorial. En coordinación cos restantes membros da UNE participou na edición de dous boletíns de novidades

bibliográficas e na campaña de promoción de libros universitarios nos suplementos literarios dos xornais *El País* e *El Mundo*.

| Ano  | Pub. |
|------|------|
| 2004 | 17   |
| 2005 | 34   |
| 2006 | 27   |
| 2007 | 37   |

Cadro 156 Evolución do número de libros publicados

| Ano  | Pub. |
|------|------|
| 2004 | 10   |
| 2005 | 9    |
| 2006 | 10   |
| 2007 | 10   |

Cadro 157 Evolución do número de revistas publicadas

|                    |      |
|--------------------|------|
| Libros recibidos   | 1138 |
| Revistas recibidas | 502  |
| Libros enviados    | 1250 |
| Revistas enviadas  | 948  |

Cadro 158 Intercambio institucional de libros e revistas en 2007



## Publicacións do ano 2007

## • Monografías: 8

1. Beatriz Casás Ferreiro, *Repertorio de Relaciones de Sucesos españolas en la Biblioteca de Ajuda* (M-121)
2. Vicente Gambau i Pinasa, *Estudio de la organización de los clubes deportivos en Galicia* (M-122)
3. Miguel Ángel Monge Muñoz, *Construcción de un sistema observacional para el análisis de la acción de juego en voleibol* (M-123)
4. Antonio Legerén Molina, *La partición conjunta en el Derecho gallego* (M-124)
5. José Santos Reyes, *Vida artificial. Realizaciones computacionales* (M-125)
6. Pedro López Gómez y Olga Gallego Domínguez, *El documento de archivo. Un estudio* (M-126)
7. José Luis Marcos Malmierca, *Sistemas reflejos. Investigación y aplicaciones* (M-127)
8. M.<sup>a</sup> Dolores Losada Otero, *Aproximaciones psicosociales a la Educación Ambiental* (M-128)

## • Manuais: 5 + 4 reimpresións

1. Manuel Ferreiro Fernández, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Laura Tato Fontaíña, *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* (MA-25)
2. Francisco Javier González de Lema Martínez, *Habilitación del buque* (MA-26)
3. Martí Sánchez-Juny, Ernest Bladé, Jerónimo Puertas, *Hidráulica* (MA-27)
4. Francisco Javier González de Lema Martínez, *Tecnología de la construcción del buque, 2ª edición* (MA-17)
5. Servizo de Normalización Lingüística da UDC, *Manual de documentos administrativos* (MA-28)

Ademais, foron reimpresos os libros seguintes:

- Vicente Moret Bonillo, Amparo Alonso Betanzos, *Fundamentos de inteligencia artificial* (MA-9)
- Felipe Louzán Lago, José Martínez Mayán, Santiago Iglesias Baniela, *Manual del operador GMDSS* (MA-18)
- Servizo de Normalización Lingüística da UDC, *Criterios para o uso da lingua* (MA-22)
- Servizo de Normalización Lingüística da UDC, *Sobre a calidade da nosa lingua* (MA-23)

## • Actas de Congresos: 8

1. Jose M.<sup>a</sup> De Juan García Aguado, *Cátedra Jorge Juan, curso 2003-2004* (CC-85)
2. Servizo de Normalización Lingüística da UDC, *Lingua e idade: III Xornadas lingua e usos* (CC-86)
3. José Luis Veira Veira, *A socioloxía e os novos retos* (CC-87)
4. Paz Romero Portilla, Manuel Reyes García Hurtado, *De culturas, lenguas y tradiciones* (CC-88)
5. José Julio Pavía Parareda, *Cátedra Jorge Juan, curso 2004-2005* (CC-89)
6. Arsenio Ferraces Rodríguez, *Tradición griega y textos médicos latinos en el periodo presalernitano* (CC-90)
7. Juan de Dios Ruano Gómez, *El riesgo en la sociedad de la información* (CC-91)
8. Christian Kennes, María C. Veiga, *Biotechniques for Air Pollution Control II* (CC-92)

## • Publicacións Institucionais: 3

1. *Esbozos de Isaac Díaz Pardo* (PI-9)
2. *Rosaliana* (PI-10)
3. *En transición. Catálogo da exposición* (PI-11)

- Serie Nova Terra: 2
  1. Juan Gómez Barreiro, *La unidad de Fornás: evolución tectonometamórfica del SO del Complejo de Ordenes* (NT 32)
  2. Pablo González Cuadra, *La unidad de Corredoiras (Complejo de Órdenes) Evolución estructural y metamórfica* (NT 33)
- Serie Anexos de *Revista de Lexicografía*: 4
  1. Mar Campos Souto et alii, *El nuevo léxico* (ARL 4)
  2. Mar Campos Souto et alii, *Historia del léxico español* (ARL 5)
  3. Mar Campos Souto et alii, *Reflexiones sobre el diccionario* (ARL 6)
  4. Mar Campos Souto et alii, *Historia de la lexicografía española* (ARL 7)
- Serie Biblioteca Archivo Teatral Francisco Pillado Mayor: 2
  1. Poética de Aristóteles (FPM 50)
  2. Turandot de Carlo Gozzi, vol . I e II (FPM 51-52)
- Serie Monografías de Revista Galega de Filoloxía: 1
  1. Xoán Carlos Lagares, *O xénero gramatical en galego* (RGF 4)
- Outros (fóra de colección)
  1. Alfredo Vigo Trasancos, *A Coruña y el Siglo de las Luces. La creación de una Ciudad de Comercio (coedición coa Universidade de Santiago de Compostela)*
  2. José Leira López, *Aulas no camiño: Diálogos nun camiño da cultura europea*
  3. Jóse Ramon Soraluze et alii, *Cuba'06. Unha realidade para unha reflexión*
  4. *Catálogo 2007 do Servizo de Publicacións*
    - Publicacións periódicas: 13 números de 10 revistas
      1. Ambientalmente Sustentable, nº 3 (xuño 2007)
      2. Ambientalmente Sustentable, nº 4 (decembro 2007)
      3. Sociológica, nº 6 (2005/2006)
      4. Lenguaje y textos, nº 25 (xuño 2007)
      5. Lenguaje y textos, nº 26 (decembro 2007)
      6. Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación, nº 14 (xuño 2007)
      7. Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación, nº 15 (decembro 2007)
      8. Revista Galega de Filoloxía, nº 8 (2007)
      9. Cadernos, nº 32 (2007)
      10. Anuario da Facultade de Dereito, nº 11 (2007)
      11. Revista de Lexicografía, nº 13 (2007)
      12. Cancionero General, nº 5 (2007)
      13. Sarmiento, nº 11 (2007).

## Normalización lingüística

O 2007 supuxo para o Servizo de Normalización Lingüística o primeiro ano de posta en vigor do Plano de normalización lingüística (PNL), aprobado polo Consello de Goberno a finais de 2006. Foi, daquela, o ano en que comezou a funcionar o instrumento con que se dotou a UDC para avanzar na plena normalización da lingua galega no seu ámbito.

O seu texto íntegro foi publicado, presentado e difundido entre toda a comunidade universitaria e unha das súas primeiras consecuencias foi a creación e potenciación en distintos centros das comisións de normalización lingüística (Dereito, Ciencias, Informática... até un total de 13), para as cales se creou unha liña específica de axudas, co obxecto de facer posible o desenvolvemento de actividades normalizadoras desde os propios centros. As máis delas realizáronse baixo a forma de xornadas de análise ou debate, de entre as que cabe citar:

- Trazos sobre a Cultura Xurídica Galega e de Galicia
- I Xornadas sobre a Normalización da Lingua e a Cultura no Ámbito da Educación
- I Premio de Tradución Científica ao Galego
- O Valor da Lingua na Sociedade da Información

Co plano xa en marcha, a denominada Comisión para a Elaboración do PNL deixou paso á Comisión de Seguimento do PNL que na súa reunión do 15 de outubro fixou e puxo en marcha as primeiras medidas normalizadoras para o curso académico 2007-2008.

Esas primeiras medidas consistiron, basicamente, na toma de contacto e comunicación formal aos distin-


tos organismos oficiais da UDC (dirección de centros e departamentos, Consello Social, Valedor universitario...) co fin de que fagan da lingua galega o seu vehículo de comunicación e traballo na súa actividade cotiá. Así mesmo, tamén comezaron os traballos preparatorios para outro tipo de medidas cuxa envergadura e transcendencia impiden a súa materialización nun período tan curto de tempo, como é o caso da procura de axudas ao profesorado que se incorpore por primeira vez á docencia en galego, a elaboración dunha oferta de créditos que acrecente a porcentaxe desta no conxunto da UDC ou a preparación de novos materiais e campañas.

### Asesoramento

Ao longo do ano corríxíronse ou traducíronse –por esta orde de prioridade– unhas 8.000 páxinas, o cal constitúe unha cifra lixeiramente inferior á do ano 2006, mais que fai pensar na boa dirección do labor desenvolvido: o volume de traballo diminúe porque o persoal, especialmente o PAS, que é o colectivo que máis servizos demanda, se sente máis capacitado e con maior seguridade á hora de elaborar os seus textos en lingua galega, como resultado do traballo feito desde o SNL noutras áreas.

Pola súa banda, o profesorado acudiu ao SNL para a tradución e/ou corrección do material das súas aulas ou para o seu labor investigador. Así mesmo, un ano máis o SNL realizou os labores de corrección das revistas *Interea* e *Ambientalmente* e de volumes como o titulado *Hidráulica*, todas elas publicacións da Universidade da Coruña.





Canto ao alumnado, o asesoramento lingüístico requirido adoita estar vinculado á revisión dos seus traballos de investigación canalizados a través das

axudas previstas para a súa redacción e defensa en lingua galega.

| Nº    | Curso                                                               | Inscritos |
|-------|---------------------------------------------------------------------|-----------|
| 3     | Curso de Linguaxe Administrativa (nivel superior)                   | 76        |
| 2     | Curso de Linguaxe Administrativa (nivel medio)                      | 48        |
| 1     | Curso de Reciclaxe de Linguaxe Administrativa                       | 19        |
| 1     | Curso de Redacción e Tipoloxía de Documentos Administrativos        | 20        |
| 1     | Curso de Lingua Galega para a EU de Turismo                         | 14        |
| 1     | Curso de Actualización Normativa aplicado á Linguaxe Administrativa | 10        |
| 1     | Curso de Novas Tecnoloxías aplicadas á Comunicación                 | 13        |
| Total |                                                                     | 200       |

Cadro 160 Cursos de normalización lingüística para PAS

## Formación

Un ano máis, alén do importante labor de formación levado a cabo co persoal bolseiro colaborador, o SNL puxo ao dispor da comunidade universitaria un amplo abano de cursos de formación deseñados especificamente para cada un dos colectivos universitarios:

Como continuación da campaña *Profesionaliza a túa lingua*, destinada ao PDI, organizáronse *cinco* obradoiros de linguaxe técnica con motivo da publicación dos correspondentes glosarios de diferentes ámbitos de coñecemento (Construción Naval, Deportes, Física e Química, Matemática e Socioloxía).

Finalmente realizouse o I Curso de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros, ao que asistiron **23 persoas** de moi diferentes nacionalidades (brasileira, polaca, italiana, romanesa...).

## Dinamización

En colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística levouse a cabo entre o alumnado de fóra de Galicia, incluído o pertencente aos programas de mobilidade Sicue e Séneca, unha campaña de sensibilización co fin de lles presentar a lingua galega como unha oportunidade de enriquecemento persoal. Para iso distribuíronse folletos informativos bilingües nas seguintes combinacións: galego-castelán, galego-catalán e galego-inglés.

Tamén tivo continuidade a liña de axudas á investigación en lingua galega que incentiva a realización e a defensa das teses e traballos de investigación en lingua galega. En total, no ano 2007 concedéronselles axudas económicas e asesoramento lingüístico a **catro**

traballos de investigación tutelados e a **23** proxectos de fin de carreira.

Convocouse, igualmente, a cuarta edición do Premio “Luísa Villalta” a Iniciativas Normalizadoras en colaboración coas outras dúas universidades galegas. Do mesmo xeito, confirmaron a súa consolidación o Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística e as Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Comunicación, que contaron coa súa terceira e cuarta edicións respectivamente. O número de persoas matriculadas entre ambas actividades superou as **300**.

## Publicacións e recursos

Realizouse a 2ª edición e a 3ª reimpresión dos volumes de *Criterios para o uso da lingua* e mais *Sobre a calidade da nosa lingua*, con que desde o SNL se pretende ofrecer un modelo lingüístico e estilístico para os escritos institucionais da UDC. A eles dous sumóuselles a publicación dun terceiro volume en forma de manual dedicado á redacción e confección de documentos administrativos (*Manual de documentos administrativos*).

Así mesmo, publicáronse os xa mencionados glosarios terminolóxicos, resultado da campaña *Profesionaliza a túa lingua*, correspondentes aos ámbitos do Deporte, Construción Naval, Física e Química, Matemática e Socioloxía, en tanto eran preparados novos vocabularios doutras especialidades que han ser publicados no presente ano 2008.

Outras dúas publicacións foron as actas das *III Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e idade* e mais o volume *II + III Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras*.

## Comunicación

O Gabinete de Comunicación desenvolve un papel destacado na política de transparencia na xestión universitaria. É a canle de contacto entre a institución e os medios de comunicación. Por unha banda, asume os contactos con xornalistas e medios de comunicación para difundir actividades de toda índole promovidas pola UDC e xestiona a publicidade institucional. Por outra, no ámbito da comunicación interna elabora o *Boletín de Información Universitaria* e os resumos de prensa dixitais accesibles desde o sitio do gabinete na web institucional.

### Comunicación interna

- Edición do Boletín de Información Universitaria (BIU), con información e fotografías distribuídas en 16 páxinas en cor. Editáronse cinco números cunha tiraxe que pasou de 2.500 exemplares en 2006 a 2.650 no ano 2007.
- Elaboración do resumo dixital de prensa diario, que pode consultarse na web da UDC desde primeira hora e que recolle novas de diarios de tirada nacional, rexional e local. Inclúe unha escolma das noticias aparecidas nun total de 204 edicións de diarios de toda España e de 246 revistas sobre Universidade e I+D+i. En 2007 contabilizáronse 6.216 impactos en prensa (1.393 máis que en 2006) en que se recolle explicitamente o nome da Universidade da Coruña.

### Comunicación externa

- En total redactáronse 469 notas de prensa enviadas a máis de setenta xornalistas con información

institucional da UDC e das diversas actividades que se organizan nos centros universitarios.

- Elaboración de convocatorias de conferencias de prensa e confección de dossieres en relación con actos destacados da Universidade.
- Tramitación de publicidade institucional. Ao longo de 2007 tramitáronse basicamente anuncios de prazas de profesorado Realizouse, no mes de xullo, unha campaña de publicidade dos programas oficiais de posgrao en La Voz de Galicia, El País (ed. Galicia), El Ideal Gallego, La Opinión, Diario de Ferrol, Qué e 20 Minutos. Tamén, con este motivo, iniciouse un plano de posicionamento da UDC dentro de Google, que tivo un resultado de preto de 151.000 impresións.
- O Gabinete de Comunicación elaborou e coordinou a produción dunha revista de promoción da Universidade da Coruña, baixo o lema de “Modernidade, Calidade, Innovación”, que se editou coincidindo coa feira das universidades galegas, Fórum Orienta 2006 en Santiago de Compostela. Posteriormente, coincidindo coa publicación da listaxe de aprobados das probas de acceso á universidade distribuíuse cos xornais da Coruña e de Ferrol. En total, editáronse 142.000 exemplares, dos que 139.200 foron repartidos directamente cos xornais.
- Atendéronse un total de 1.383 chamadas en demanda de información sobre a Universidade da Coruña ou contactos con profesores e investigadores.
- En colaboración con Radio Coruña-Cadena SER retransmitíuse en directo desde diversos centros da UDC o programa “Vivir en A Coruña”, de aproximadamente hora e media de duración, desde oito centros distintos.

- En colaboración con Radio Voz emitíuse unha serie de programas semanais de entre dez e quince minutos de duración con contidos exclusivamente universitarios, ademais de realizar o magacín “Voces da Coruña” en directo, durante dúas horas, desde a Facultade de Ciencias.
- En Ferrol, en colaboración con Radio Voz, emitíronse dez programas de tres horas, incluídos baixo o título “Voces do Campus” na programación matinal. Este programa pretende difundir as actividades do campus ferrolán e dar a coñecer as accións conxuntas da UDC co sector empresarial en materia de innovación.

## Cultura

Con motivo da investidura de Isaac Díaz Pardo como doutor Honoris Causa pola UDC, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación desenvolveu diversos actos na Coruña e en Ferrol. No Paraninfo programouse, baixo o título “Memoria viva”, un acto de evocación da traxectoria vital do homenaxeado.

En colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, tivo lugar outro acto de carácter artístico e literario, tamén desenvolto no Paraninfo. Participaron algúns nomes destacados da cultura galega, como Marilar Alexandre, Manolo Rivas, Antón Patiño, Cesáreo Sánchez ou Miro Casabella.

Nos Cantóns de Molíns, en Ferrol, fíxose unha ofrenda floral diante da estatua de Camilo Díaz Baliño, pai de Isaac Díaz Pardo, asasinado en Santiago en 1936. No salón de actos do campus ferrolán presentouse *Nas raíces*, acto de homenaxe ao histórico galeguista no que participaron Manuel Ferreiro, Chelo Loureiro,

Xoán Rubia, Eva Veiga, Laura Tato, M<sup>a</sup> Antonia Pérez, Julia Díaz e Siro.

Na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais fíxose un repaso á traxectoria empresarial de Díaz Pardo nun acto titulado *Empresas para un país*.

## Exposicións

- Durante os meses de maio e xuño estivo aberta no Pavillón de Estudiantes do campus de Elviña a exposición *En Transición*, unha ollada ao proceso de transición política española da ditadura á democracia a través dos autocolantes. Con motivo desta exposición publicouse un amplo catálogo, que tivo moi boa aceptación.
- En novembro o Pavillón de Estudiantes acolleu a exposición *Eclipse*, que recolle unha escolma de viñetas do humorista gráfico El Roto relacionadas co medio ambiente e coa sustentabilidade.

## Aula de Música

- Ópera Aberta

Dentro do Programa Ópera Aberta, retransmitíronse no salón de actos do CUR tres óperas en directo desde o Gran Teatre del Liceu de Barcelona e dúas en diferido desde o Teatro Real de Madrid. Desenvolvéronse, así mesmo, tres sesións complementarias.

- Concertos do Coro Universitario

O Coro Universitario da UDC protagonizou diversos concertos ao longo do ano 2007, sempre baixo a dirección do seu titular, Julián Jesús Pérez.

- Concerto a beneficio da Asociación de Dano Cerebral da Coruña

- Concerto en Porto, invitado polo Coro Portucalese
- Concerto de fin de curso 2006-2007
- Gala lírica “A Ópera no Barroco e no Clasicismo”
- Concerto de Nadal

De entre os actos de carácter institucional en que actuou o coro, pódense salientar estes:

- Nomeamento de Isaac Díaz Pardo como doutor Honoris Causa
- Acto académico de San Tomé de Aquino
- Entrega da Medalla de Ouro da Coruña á ETS de Náutica
- Recepción de bolseiros do programa Erasmus
- Acto académico de apertura de curso
- Promoción da UDC no Forum Orienta’07

- Concertos didácticos

Baixo o título xenérico “As Músicas Contemporáneas”, tivo lugar un ciclo de concertos e conferen-

cias nos campus da Coruña e de Ferrol, protagonizado case exclusivamente por intérpretes galegos. Estreáronse algunhas obras de compositores galegos como Juan Durán, Paulino Pereiro, Ermitas García Ríos e Rogelio Groba.

En total programáronse seis concertos, tres deles na Coruña e outros tres máis en Ferrol. Incluíronse tamén unha conferencia na Coruña e unha conferencia concerto en Ferrol.

- Escola de Música

Coa finalidade de potenciar a aprendizaxe e a vivencia da música dun xeito ameno e motivador, púxose en marcha no curso 2005-2006 unha escola de iniciación para todas aquelas persoas interesadas (nenos e adultos), vinculadas ou non á Universidade da Coruña. Para o curso académico 2007-2008 ofertáronse as seguintes actividades:

| Curso                                          | Campus            |
|------------------------------------------------|-------------------|
| Iniciación á Linguaxe Musical                  | A Coruña e Ferrol |
| Iniciación á Linguaxe Musical para instrumento | A Coruña e Ferrol |
| Piano                                          | A Coruña          |
| Canto                                          | A Coruña          |
| Violín                                         | A Coruña e Ferrol |
| Guitarra                                       | A Coruña          |

Cadro 161 Cursos organizados pola Escola de Música da UDC en 2007-2008

En xuño, o alumnado da Escola de Música da UDC ofreceu senllos concertos de fin de curso no salón de actos da Facultade de Ciencias da Comunicación (A Coruña) e no edificio do SAPE, no campus ferrolán de Esteiro.

- Ciclo de novos intérpretes

A Aula de Música organizou un ciclo de concertos para promocionar ás novas xeracións de músicos vinculados á UDC ou ao Conservatorio Superior de Música. Tiveron lugar tres concertos no Paraninfo e na igrexa da Orde Terceira.

- Xornadas de divulgación

Organizáronse as I Xornadas de Divulgación do Patrimonio Musical Galego. Presentouse a partitura de “Inés e Bianca”, unha ópera de Marcial del Adalid, coa participación do equipo que interveu na reconstrución da obra.

En abril programouse no Paraninfo un concerto presentación desta ópera.

- CampusRock

Para a organización da oitava edición do Campus Rock introduciuse unha importante novidade: a constitución dunha comisión de estudantes, mediante

convocatoria aberta, para a súa produción e xestión. O festival, concibido como escaparate para os grupos locais e oferta cultural de difícil goce na cidade da Coruña, tivo nesta ocasión como fío condutor a música negra. Interviñeron os grupos Mr. Dixie Jazz Band e a súa formación swing Hot3sss, Los Chicos, The Un Niles, o grupo de blues galego Moondogs Blues Party e Black Bum.

Todos os beneficios do CampusRock, que tivo lugar no campus de Elviña o 16 de maio, destináronse á Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da UDC.

## Cantautores

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación organizou en maio o I Concerto de Cantautores da Universidade da Coruña, evento musical sen precedentes nin na Universidade nin na cidade. Serviu de plataforma de lanzamento e achegamento ao público dos cantantes locais e, asemade, xuntounos con figuras xa consagradas como o coruñés Bau, o vasco Tontxu ou o madrileño Marwan. Canda eles, actuaron César Centi, José Luis Paz, Pablo Rubén Fernández e Patricia Vázquez.



## Aula de Teatro

|                                     |          |    |    |
|-------------------------------------|----------|----|----|
| Interpretación                      | Ferrol   | 30 | 2  |
| Técnicas de voz                     | Ferrol   | 20 | 2  |
| Creación do personaxe               | A Coruña | 40 | 2  |
| Interpretación sobre textos: Brecht | A Coruña | 80 | 2  |
| Mimo/Teatro físico                  | A Coruña | 20 | -- |
| Danza contemporánea                 | A Coruña | 40 | -- |
| Interpretación: montaxe teatral     | A Coruña | 40 |    |
| Interpretación: iniciación          | A Coruña | 40 |    |
| Teatro físico                       |          | 40 |    |
| Danza contemporánea II              | A Coruña | 40 |    |

Cadro 162 Cursos de formación teatral en 2007

- Producción propia

A Aula de Teatro da UDC estreou a súa produción anual en marzo. Nesta ocasión foi “Os fusís da señora Carrar”, de Bertold Brecht. Presentouse no Fórum Metropolitano da Coruña baixo dirección de Zé Paredes.

- Exhibición

Dentro da XIV edición do Festival de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC), a UDC ofreceu “Os fusís da señora Carrar”. Participaron tamén outros catro grupos teatrais galegos, dous de Madrid e un portugués.

## Aula de Letras

O escritor chileno Jorge Edwards participou nun coloquio sobre “Poesía e novela” que se desenvolveu en outubro no Paraninfo.

Organizáronse senllos actos na Coruña e Ferrol con motivo do Día das Letras Galegas, dedicado á poetisa María Mariño. Na Coruña programouse un espectáculo de danza contemporánea a cargo do grupo Pisando Ovos, un concerto de Carmen Dor e a súa banda e a intervención da novelista e poetisa Teresa Moure. En Ferrol o acto, presidido polo reitor como o da Coruña, contou coa presenza da profesora e escritora Pilar García Negro e da banda de Carmen Dor.

## Aula de Cinema e Imaxe

O labor da Aula de Cinema e Imaxe durante o ano 2007 centrouse en dous aspectos: a divulgación da historia do cine a través da proxección de filmes organizados en ciclos ao longo do ano e a organización de cursos.

- Os ciclos programados no campus de Coruña foron “A Homosexualidade no Cinema (II)” e “Os novos cinemas dos anos 60 (II): O *free cinema* británico” e “Mestres do cinema: Ingmar Bergman”. No campus de Ferrol, os ciclos de cinema realizados foron: “Os novos cinemas dos anos 60 (I): a *nouvelle vague francesa*” e “Os novos cinemas dos anos 60 (II): o *free cinema británico*”.
- Na Coruña ofertáronse tres cursos sobre “O Cinema da Transición Política Española”, “Novas Tendencias do Cinema Contemporáneo” e “Máscaras da Carne. Modernidade e Compromiso Moral no Cinema de Ingmar Bergman”.
- En Ferrol programáronse dous cursos titulados “*Historia do Cinema: As Vanguardas Históricas*”, de 30 horas de duración, e “*O Cinema Clásico Norteamericano*”, de 40 horas. Todos estes cursos planificáronse para alumnos non iniciados, procedentes de todas as disciplinas, aínda que preferentemente de filoloxía, arte e humanidades.
- Presentouse o documental “*La Escuela Fusilada*”, en colaboración coa Concellería de Cultura de Ferrol.
- En xullo de 2007 tivo lugar o seminario-curso de verán “*Extraterritorial, Vanguarda, Experimental: O Outro Cinema Español*”.
- A Aula de Cinema e Imaxe e o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) organizaron, xa na súa segunda edición, un seminario dedicado ás tendencias do cinema español máis afastadas da narratividade. No seminario participaron 28 especialistas, entre directores, historiadores e programadores de filmotecas ou museos.

### Cátedra Jorge Juan

A Cátedra Jorge Juan está organizada conxuntamente pola Armada e pola Universidade da Coruña e xestionada pola Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa.

Baixo a dirección de Adolfo Rey Seijo, xeneral de brigada médico, a Cátedra convocou en 2007 un total de seis conferencias. Os temas escollidos foron a organización autonómica do Estado, a Armada na Guerra da Independencia, o papel estratéxico do mar Báltico, a arqueoloxía industrial civil e militar e o presente e o futuro das Forzas Armadas en España e sobre estratexias de comunicación.

No mes de xuño produciuse o relevo anual na dirección da Cátedra, que pasou a ocupar Julia Pérez Iglesias, profesora da Escola Universitaria Politécnica. Nesta segunda metade do ano organizáronse dúas conferencias sobre a candidatura da Alhambra a patrimonio da humanidade e sobre a pesca e o ecosistema.

### Obradoiros

Organízanse por cuatrimestres, cunha duración de 30 horas cada un. En 2007 houbo 16 obradoiros (12 na Coruña e 4 en Ferrol) centrados en actividades tan dispares como a risoterapia, o ioga, o pensamento contemporáneo, a arte, a fotografía ou os bailes de salón, por citar só algúns exemplos. Participaron un total de 600 persoas.

Do mesmo xeito, fanse cursos monográficos de 15 h de duración e con dereito a un crédito de libre elección. Convocáronse tres sobre reciclaxe e medio ambiente, o corpo e as emocións e fotografía da natureza.

### Rutas culturais

Incrementábase a demanda de participación nas rutas culturais que organiza a UDC. En 2007 participaron 219 persoas nas cinco iniciativas deste tipo que se levaron a cabo. Algunhas prepáranse co obxectivo específico de dar a coñecer Galicia ao alumnado estranxeiro que está nos campus da Coruña e de Ferrol con bolsas Erasmus.

### Cursos e congresos

A Oficina de Cursos e Congresos, dependente da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación, desenvolveu en 2007 unha ampla actividade na coordinación de cursos, congresos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferencias. Os actos son organizados na súa maioría por facultades, escolas, departamentos, grupos de profesores, delegacións de alumnos ou asociacións estudiantís. Os organizadores

reciben o apoio da Oficina de Cursos e Congresos, cando así o solicitan, para coordinar solicitudes de axudas acollidas a convocatorias da Vicerreitoría para a difusión dos actos mediante a páxina web <http://udc.es/occ> e mediante os envíos masivos de dípticos ou trípticos, para a entrega de material institucional da Universidade e para a emisión de diplomas, así como noutros aspectos organizativos.

O número total de reunións que se realizaron no ano 2007 na Universidade da Coruña (incluíndo congresos e simposios de ámbito estatal e internacionais, congresos, xornadas científicas, reunións e seminarios de traballo, cursos, en particular cursos de verán, e ciclos temáticos de conferencias) supera a cifra de 250. Se a esta cifra se lle engaden as conferencias impartidas por profesores invitados, nunha cantidade difícil de concretar, estaríamos perante máis dunha actividade académica por día natural.

Mais, de toda esta actividade, nesta ocasión cómpre salientar a primeira convocatoria de axudas para realizar cursos de verán propios, que se veñen engadir aos que a Universidade da Coruña organiza en colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

| Nome do curso                                                            | Responsable                      |
|--------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|
| X Curso de Verán de Pensamento Carlos Gurméndez                          | Xosé María Dobarro Paz           |
| Dereito do Cidadán a unha boa Administración                             | Jaime Rodríguez-Arana Muñoz      |
| Traballando en Lingua. III Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística | Xosé Ramón Freixeiro Mato        |
| III Curso Xénero e Políticas de Igualdade                                | Ana Sánchez Bello                |
| I Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros           | Carmen Fernández Pérez-Sanjulián |
| Extraterritorial. Vangarda. Experimental. O outro cinema español         | José Luis Castro de Paz          |

Cadro 163 **Cursos de verán acollidos á convocatoria de axudas da UDC en 2007**

### Cursos de verán coa UIMP

O número de actividades desenvolvidas no marco do convenio coa Universidad Internacional Menéndez Pelayo, incluíndo cursos, encontros e seminarios,

mantense tanto en calidade como en asistencia de persoal da comunidade universitaria, alén de achegarmos infraestrutura, instalacións e persoal de apoio. O alumnado da nosa Universidade beneficiouse dunha redución do 50 % no importe da matrícula.

| Actividades na Coruña     |                                                                                                                 |
|---------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obradoiro                 | Obradoiros de creación radiofónica                                                                              |
| Seminario                 | A cooperación policial e xudicial no ámbito da Unión Europea.                                                   |
| Seminario                 | Os debates do Estado autonómico. A descentralización en España dende diferentes perspectivas                    |
| Encontro                  | Enerxías renovables. Aspectos tecnolóxicos                                                                      |
| Seminario                 | Lectura guiada ao Ulysses de James Joyce                                                                        |
| Seminario                 | Mobilidade metropolitana e ordenación territorial. O novo metro lixeiro e outros sistemas de transporte público |
| Seminario                 | ¿Provocarán as TIC a revolución da escola?                                                                      |
| Encontro                  | América Latina-España: relacións e coxuntura                                                                    |
| Seminario                 | Medio século de construción europea: balance e perspectivas de futuro                                           |
| Encontro                  | Xudaísmo, cristianismo e islam, tres relixións en diálogo                                                       |
| Seminario                 | ¿Que aprendimos da catástrofe do Prestige?                                                                      |
| Encontro                  | O dereito urbanístico español a principios do século XXI                                                        |
| Curso de especialización  | Estudos árabes e islámicos                                                                                      |
| Encontro                  | Reforma e crise de España. Nas vésperas de 1808                                                                 |
| Curso de especialización  | Diploma en estudos celtas: as orixes do pobo de Breogán                                                         |
| Encontro                  | O desenvolvemento sustentable: actuacións sobre o territorio                                                    |
| Encontro                  | Patrimonio cultural – Ben fundamental no desenvolvemento sustentable                                            |
| Encontro                  | Políticas de cooperación para o desenvolvemento                                                                 |
| Actividades en Pontevedra |                                                                                                                 |
| Seminario                 | Elaboración e promoción de produtos no turismo rural: efectos na demanda                                        |
| Seminario                 | A sociedade democrática contra o terrorismo                                                                     |
| Seminario                 | Municipios, deputacións e áreas metropolitanas. A reorganización dos entes locais e o seu financiamento         |
| Seminario                 | Construír unha mirada: a Universidade e a Galicia que nos espera                                                |
| Encontro                  | Cambio global: máis aló do cambio climático                                                                     |
| Encontro                  | Panorama actual dos estudos da literatura española dos séculos XVI e XVII                                       |
| Seminario                 | Prevención primaria do cancro                                                                                   |
| Encontro                  | Estrutura e función de proteínas. Aplicacións biomédicas e tecnolóxicas                                         |
| Seminario                 | Políticas educativas e compromiso social. O progreso da calidade e da equidade                                  |
| Seminario                 | Avaliación do impacto no medio costeiro e litoral                                                               |
| Encontro                  | Patrimonio e turismo. A conservación. Novos patrimonios, novos conceptos, novos usos                            |
| Seminario                 | Análise e xestión de fondos e planos de pensións                                                                |
| Seminario                 | Europa perante o desafío da reordenación do sistema mediático                                                   |

Cuadro 164 Cursos de verán da UIMP-UDC en 2007

## Cooperación e voluntariado

As actividades da UDC no ámbito da solidariedade canalízanse a través da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), integrada na Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación.

### Cooperación

A canle de participación que máis envergadura está tomando na Oficina de Cooperación e Voluntariado é a dirixida ao eido da cooperación ao desenvolvemento, coa participación en campañas de sensibilización con outras ONG e coa organización de actividades de sensibilización entre a comunidade universitaria. A novidade en 2007 foi o comezo da cooperación sobre o terreo. As actuacións máis salientables levadas a cabo foron as seguintes:

- **Proxectos de Coñecemento da Realidade**, que son unha iniciativa coa que o alumnado da Universidade da Coruña ten a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento a realizar unha estadía de cooperación de 1 a 3 meses, e que o traballo que desenvolva sexa validado con proxectos fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira.
- **II Convocatoria do fondo 0'7%**. Publicouse a II Convocatoria de Axudas á Investigación en Cooperación ao Desenvolvemento. Fondo 0,7% UDC, dotada con 50.000 €, con achegas diversas, tanto desde a propia UDC como desde a Xunta de Galicia. Con este fondo procúrase consolidar o compromiso solidario da UDC con actividades investigadoras e de promoción no ámbito da cooperación.

- **Proxectos de cooperación no sur**. Desde a Universidade da Coruña estase a executar o proxecto de cooperación *"Asistencia técnica, formativa e investigación aplicada nas zonas de actuación do programa hidrosanitario de Same (Tanzania). Xénero e aproveitamento de recursos hídricos mediante tecnoloxías axeitadas"*, O proxecto comezou en novembro do 2006 e espérase que continúe até o ano 2010.
- **Colaboración con outras ONG**. A Oficina de Cooperación e Desenvolvemento colaborou no 2007 con distintas ONG. Cómpre salientar o traballo con Enxeñaría Sen Fronteiras-Galicia para organizar o ciclo de conferencias *Introdución á Cooperación para o Desenvolvemento*, o IV Concurso de Proxectos Fin de Carreira e o II Concurso de Teses de Doutoramento. Colaborouse noutras actividades con Intermón-Oxfam, coa Coordinadora Galega das ONG de Desenvolvemento, con Survival, con InteRed Galicia, coa UNRWA e con Amnistía Internacional.
- **Colaboración con outras institucións**. A UDC colaborou noutras iniciativas da Xunta de Galicia, dos concellos da Coruña e Ferrol e da Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE).

### Voluntariado

Unha das canles que a OCV propón para participar en accións de solidariedade son os programas de voluntariado social. Ao longo de 2007 seguiuise con programas xa iniciados en anos anteriores:

- Programa de voluntariado no Centro de Acolida de Menores de Bañobre.

- Programa de voluntariado en “As Rañas”. Desenvólvese nun dos asentamentos chabolistas da Coruña.
- Programa de voluntariado en “O Portiño”. Este programa lévase a cabo nun dos barrios de infravivenda da cidade da Coruña.
- Programa de voluntariado no Fogar “Santa Lucía”. Lévese a cabo nun centro de acollida de mulleres.
- Programa de transeúntes e sen teito. Nesta actividade o obxectivo é acompañar ás persoas sen teito que dormen en diferentes lugares da cidade.
- Programa PAED (Proxecto de Axuda a Estudantes Discapacitados). Consiste en axudar a estudantes discapacitados da Universidade da Coruña de xeito puntual.
- Programa de voluntariado no Hospital Oncolóxico Rexional de Galicia.
- Programa de voluntariado en colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos. Nesta actividade o obxectivo é acompañar as persoas usuarias do proxecto de acompañamento de COGAMI
- Programa en colaboración con Ecodesarrollo Gaia. Apoio escolar a nenos inmigrantes e clases de Internet e alfabetización para adultos inmigrantes.

### Formación

Outro xeito de participación que oferta a Oficina de Cooperación e Voluntariado é a formación en temas de cooperación ao desenvolvemento e de voluntariado social para toda a comunidade universitaria e especificamente para os voluntarios que participan a cotío no seu programa de voluntariado. Durante o ano desenvólvense 14 cursos de formación. Asemade, organizáronse as IV Xornadas de Sensibilización sobre Inmigración e Interculturalidade e as I Xornadas de Xénero e Cooperación.

### Oficina de Igualdade de Xénero

As principais actuacións da Oficina de Igualdade de Xénero en 2007 foron as seguintes:

- Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller a Oficina de Igualdade creou os premios Mulleres Ciencia-Aarte, coa finalidade de recoñecer e facer visibles as mulleres dos diferentes campos científicos e artísticos.

Nesta primeira edición a galardoada é a matemática María Wonenburger pola súa excelente traxectoria investigadora e docente no campo da ciencia matemática.

- Con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a Oficina de Igualdade de Xénero organizou unha xornada de análise e crítica social. Tivo lugar no salón de graos da Facultade de Dereito o 20 de novembro.
- En xullo desenvolveuse en Pontedeume un curso de verán de 35 horas sobre Xénero e Políticas de Igualdade dedicado a analizar as propostas legislativas en torno á violencia de xénero.

Asináronse senllos convenios coa Deputación Provincial da Coruña e co Concello de Pontedeume para desenvolver este curso. Matriculáronse 50 persoas.

- Realizáronse dous traballos dentro da Iniciativa Comunitaria Equal, financiada polo Fondo Social Europeo. Estes traballos estiveron enmarcados dentro dos Concellos da Coruña, Carballo e Cerceda



para atender os problemas derivados do acceso da muller a postos de responsabilidade e da desigualdade salarial desde unha perspectiva de xénero.

- Comezaron as obras da Oficina de Igualdade de Xénero no Pavillón de Estudantes no Campus de Elviña, cunha previsión de remate en abril de 2008.
- Creouse a páxina web da oficina, elemento imprescindible para dar a coñecer as actividades, eventos, noticias, publicacións etc... relativos á igualdade de xénero.
- Participación no plano de formación do profesorado. Co obxecto de que o profesorado da UDC adquira os coñecementos necesarios para participar en procesos de integración da igualdade de xénero no seu ámbito de actividade, realizouse unha proposta para a formación do profesorado a través da inclusión dun curso sobre: "A igualdade efectiva entre homes e mulleres" no plano de formación do profesorado da UDC. Esta proposta foi aprobada e desenvolverase no ano 2008.
- A UDC participou na organización do Foro Compostela sobre a Muller na Investigación e na Sociedade.

- Asinouse un convenio de colaboración co Parlamento de Galicia para, entre outras cousas, realizar actividades formativas relacionadas coa formación en materia de xénero e cooperación.

## Deportes

En 2007 participaron nas actividades deportivas preto de 4.500 membros da comunidade universitaria, o que supón que, aproximadamente unha quinta parte dos membros da Universidade da Coruña elixen o deporte como xeito de aproveitar o seu tempo de lecer.

A Área de Deportes, tanto no campus da Coruña coma no de Ferrol, deseñou as súas actividades organizándoas en cinco grandes bloques: actividades de competición, actividades de formación, actividades de mantemento físico, actividades na natureza e a organización de eventos deportivos.

## Competición

As competicións internas (ligas universitarias, Trofeo Reitor e campionatos internos) contaron cunha actividade salientable. Nas ligas universitarias inscribíronse aproximadamente 2.800 estudantes, pertencentes a máis de 211 equipos.

| Deporte     | Equipos |
|-------------|---------|
| Fútbol 11   | 23      |
| Fútbol sala | 133     |
| Fútbol 7    | 22      |
| Voleibol    | 6       |
| Balonmán    | 5       |
| Baloncesto  | 23      |
| Total       | 211     |

Cadro 165 Equipos en ligas universitarias

- O Trofeo Reitor, que xa vai pola novena edición, contou coa participación de máis de 96 equipos en cinco modalidades deportivas (baloncesto, fútbol 11, fútbol sala, voleibol e balonmán). Isto supón a participación dun 47% dos equipos anotados nas ligas universitarias.
- Á marxe dos estudantes, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos son tamén partícipes de todas as actividades de competición. Das actividades desenvolvidas por eles, a máis salientable é a liga de fútbol sala PDI-PAS, cun total de 6 equipos (máis de 70 participantes) en que se atopan representantes das facultades de Fisioterapia, Ciencias, Camiños e Informática, xunto co CUFIE e a propia Área de Deportes. Este campionato interno está totalmente afianzado desde a súa primeira edición, alá polo ano 2001.
- Cos campionatos internos, a Área de Deportes pretende que a comunidade universitaria participe en modalidades menos tradicionais. Un total de 120 persoas interviñeron en campionatos de tenis de mesa, bádminton, tiro con arco, tenis e, por primeira vez, pádel.
- Dentro das competicións externas (Xogos Galaico-Durienses, Campionatos Galegos Universitarios, Campionatos de España Universitarios e deporte federado) os alumnos representantes da Universidade da Coruña obtiveron bos resultados.
- No ámbito internacional, cómpre salientar a representación da nosa universidade na XXII edición dos Xogos Galaico-Durienses, que tiveron lugar en Vigo, con 45 alumnos e 3 delegados. Como en edicións anteriores, participamos as tres universidades galegas xunto coas tres universidades do norte de Portugal (U.T.A.D., Minho e Porto).
- Nos Campionatos Galegos Universitarios, a representación da Universidade da Coruña, superou os 350 participantes.
- Nos Campionatos de España Universitarios, participan alumnos de 1.º, 2.º ou 3.º ciclo, procedentes de todas as universidades de España, máis de 70 universidades que suman un total de máis de 5.000 deportistas e que contan cun alto nivel de rendemento deportivo. O número de participantes por parte da Universidade da Coruña foi de 140 deportistas, cifra que superou a do ano anterior case nun 40%.
- Nas modalidades deportivas individuais, O Consejo Superior de Deportes organizou un total de 20 campionatos e a nosa universidade participou en 17

deles, o que significa unha participación da Universidade da Coruña no 85% das modalidades sendo unha das maiores participacións a nivel nacional. O total de participantes en deportes individuais foi de 77. Os representantes da UDC conseguiron unha medalla de ouro, dúas de prata e catro de bronce.

- A Universidade da Coruña segue a estar representada nos **deportes federados** en diferentes modalidades, como o voleibol, o rugby feminino ou o tiro con arco, con equipos propios, que posúen un número importante de xogadores/as universitarios/as nas súas filas. E en deportes como o fútbol, rugby masculino, baloncesto e bádminton, con equipos que manteñen un convenio de colaboración coa Universidade.

## Formación

- A Área de Deportes contou con máis de 20 escolas deportivas e actividades, desenvolvidas tanto nas instalacións pertencentes á propia universidade como naquelas coas que a Área de Deportes mantén acordos de colaboración. Ofertáronse 13 actividades (entre elas xadrez, bádminton, tai-chi, voleibol, tiro con arco, wu-shu, rugby, taekwondo etc) en que a participación foi superior ás 200 persoas.
- Á marxe das escolas deportivas, ofertáronse unha gran variedade de cursos; 18 cursos de tenis de 8 horas e 18 cursos de escalada de 12 horas, nas modalidades de iniciación e perfeccionamento, que contaron cunha aceptación grande por parte da nosa comunidade universitaria, cunha participación próxima ás 250 persoas. De igual xeito e como novidade, no apartado de actividades náuticas, tamén se ofertaron cursos de catamarán, windsurf e surf, en que todos os membros da

comunidade universitaria poden tomar parte con ofertas especiais.

- Como complemento ás actividades deportivas de competición, mantemento e de lecer, organízanse os cursos de formación conducentes á obtención dun título oficial e validables por créditos de libre elección. No curso 2006-2007 organizáronse cursos de monitor de tempo libre, megullador deportivo, patrón de embarcacións de recreo e patrón de iate. Así mesmo, convocáronse unhas xornadas formativas de baloncesto e un seminario de tai chi chuan. En total, participaron 150 persoas.

## Mantemento físico

- A novidade neste apartado foi o acordo de colaboración para o uso das instalacións deportivas da Xunta de Galicia (Elviña, Sardiñeira e Agra II).
- Mantense a colaboración con 20 ximnasiaos privados da Coruña e a súa área metropolitana, que realizaron ofertas especiais para os abonados da Área de Deportes da UDC.

## Actividades na Natureza

- Entre todas as actividades realizadas na natureza as de maior participación foron as camiñadas polas paraxes do Valadouro, Candán e Santa María de Oia.
- Outro tipo de actividades cunha gran relevancia son os cursos de equitación de iniciación e perfeccionamento, realizados no Concello de Cambre.
- A oferta inclúe tamén o pontismo, ráfting, kaiak raft, rutas en canoa, excursións, paintball, descenso de canóns, rutas en quad, rutas a cabalo, e actividades de multiaventura. En total nestas actividades participaron máis de 400 persoas.

### Organización de eventos deportivos

- Durante o ano 2007 organizáronse diferentes eventos deportivos. Entre os máis salientables cómpre mencionar a fase interzonal de rugby masculino dos Campeonatos de España Universitarios, o Campeonato Galego de Taekwondo, o Campeonato Galego de Volei-Praia, o Campeonato Galego de PDI-PAS (130 participantes) e o Campeonato Galego de Natación. Esta última competición organizouna a UDC por primeira vez en Galicia. Tivo lugar na piscina municipal de Caranza (Ferrol) e participaron 80 nadadores.
- Nas vacacións de Semana Santa, como vén sendo habitual, tivo lugar o VIII Campus de Fútbol Mauro Silva, nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte (INEF), cunha participación de preto de 120 rapaces e rapazas vinculados á comunidade universitaria e con idades comprendidas entre os 7 e os 14 anos.